

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 21 de abril de 2023
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e un de abril do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32561.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 14 de abril de 2023.

2.32562.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE ADMISIÓN DE MENORES EN RÉXIME DE CENTRO DE DÍA EN PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O CURSO 2023/2024 (Expte.2023005933)

No ano 1976 foi inaugurada a Cidade Infantil Príncipe Felipe (en diante CPF) da cal é titular a Deputación de Pontevedra, tendo pleno dominio dos terreos e construcións que a conforman, está sita na Avda. Montecelo en Pontevedra, no recinto se albergan diferentes edificacións.

O CPF conformase como unha institución de carácter educativo e social e ten como obxectivo mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas menores en risco de exclusión social así como prestar servizos sociais a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais.

As peculiaridades derivadas da propia historia (pasando desde antiga catalogación de macrocentro institucional a unha adaptación estrutural máis acorde coa situación actual e a normativa vixente) explican que no seu seo prevalezan espazos-centros diferenciados, pero coas características comúns, no que á función de acollemento se refire, de ser considerada globalmente como entidade que alberga a modalidade ou tipoloxía de Centro con fogares.



Resultando que, por acordo do Pleno da Corporación da Institución Provincial, na sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2003, e ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG 18/12/2008), e mais no Decreto 329/2005, de 28 xullo, (DOG 16/8/2005) polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, inscrito, no ano 2007, no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1340, cumprindo coas previsións do Decreto 329/2005 recollido anteriormente e, polo que se creou no Centro Príncipe Felipe un recurso de atención en réxime de Centro de Día.

O dito Centro de Día presta un servizo de acollemento residencial diúrno a través do cal se procura preservar e potenciar a integración familiar natural como primeiro e principal recurso de protección, ademais de garantir a atención diaria e atender as necesidades básicas e integrais dos menores da provincia de Pontevedra.

O carácter do recurso é anual, polo que, a Deputación de Pontevedra publica, por cada curso escolar, a correspondente convocatoria, para o cal o Centro Príncipe Felipe elaborou as bases reguladoras do procedemento de admisión de menores en réxime de Centro de Día da correspondente convocatoria anual para o curso 2023/2024.

Visto o informe emitido pola dirección do centro xestor Príncipe Felipe, de data 30/03/2023 e CSV: VKNSBAIQJQ78LO68, no cal se indica que o custe estimado para a prestación deste servizo no relativo á alimentación diaria para os 76 establécese a razón 3,22€/día/menor para 22 días por mes, polo que o gasto anual do próximo curso escolar, contabilizado dende o día 1 de setembro de 2023 ata o 30 de xuño de 2024, ascendería a cantidade estimada de 53.838,40 euros.

Para os efectos orzamentarios a aprobación destas bases e posterior admisión de alumnos implicaría un gasto estimado durante o exercicio 2023 de 21.535,36€ euros que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 23/232.2312.221.05- Produtos alimenticios. O gasto para o exercicio de 2024 estímase en 32.303,04 euros e quedará condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial para a dita anualidade.

Resultando que, con data 10/04/2023 e CSV: UOP75MGCB4ZWQY5B o Sr. Secretario Xeral contesta a petición de solicitude do centro xestor sinalando a non receptividade do mesmo e devolvendo o expediente tal co fin de continuarse coa tramitación do mesmo.

Visto o informe emitido pola Intervención Xeral, de data de 04/04/2023 e CSV: LA481ZY39FILXLJ3, o cal conclúe favorable o expediente de aprobación das bases recollendo que na aplicación orzamentaria a que se imputarán os gastos existe crédito suficiente para afrontar o mesmo. No dito informe sinala igualmente que o gasto imputable ó exercicio 2023 deberá quedar condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Considerando o disposto nos artigos 34-1 f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro, así como as bases de execución do orzamento, concretamente na Base 16.2 onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a autorización e compromisos dos gastos que recollen as presentes bases.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases de admisión de menores en réxime de Centro de Día en Príncipe Felipe para o curso 2023/2024 co CSV: VTOVYFAZNUR4H48O que obran no expediente.

Segundo.- Autorizar o gasto polo importe estimado de 21.535,36€ para o exercicio 2023, con cargo á aplicación orzamentaria 23/232.2312.221.05 do vixente orzamento provincial.

As obrigas derivadas para a anualidade 2024, por importe estimado de 32.303,04 €, quedarán condicionadas a existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Terceiro.- Iniciar o procedemento de admisión de menores no Centro de día de Príncipe Felipe para o curso 2023/2024, concedendo un prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitudes, contados a partir do día seguinte hábil a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

3.32563.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “ACTUACIÓN EN CAMIÑOS LAMOS A, CASTRO DE ORTO, CONLA, AGRELO E FONTENLA” DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021 (Expte.2021017455)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021 que foron publicadas no BOPPO núm. 1, do 04/01/2021.
- Mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, núm.4.30501, de data 02/07/2021, concedeuse ao Concello de Campo Lameiro no marco do Plan Concellos 2021, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 164.984,67 euros con destino ao financiamento do investimento “*Actuacións en camiños Lamosa, Castro de Orto, Conla, Agrelo e Fontenla*” (Expte.:2021017455), cun orzamento polo mesmo importe.
- En data 20/02/2023, con rexistro núm.WEB2023010158, o Concello remite escrito no que solicita a modificación do proxecto relativo ao investimento mencionado no parágrafo anterior. A modificación consiste en executar un tramo diferente do camiño Agrelo evitando a duplicidade das actuacións, posto que o tramo incluído inicialmente no proxecto atópase recollido no documento técnico doutra actuación.
- En datas posteriores, a entidade municipal remite documentación complementaria para a tramitación do proxecto modificado.
- O novo proxecto técnico, non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin altera a contía da axuda outorgada pola Deputación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Acordo do Pleno da Deputación núm.4.7875, de 28 de outubro de 2022, relativo á aprobación da prórroga do Plan Concellos 2021.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.



- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 20ª do Plan Concellos 2021, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 27/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 15/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 11/04/2023 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado do investimento “*Actuacións en camiños Lamosa, Castro de Orto, Conla, Agrelo e Fontenla*” (Expte.2021017455) cun orzamento por importe de 164.984,67 euros, aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2021, poida ser executado nos termos establecidos polo Concello.
- Asemade, conforme o acordo plenario núm. 4.7875 de 28/10/2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022), que aproba a prórroga do Plan Concellos 2021, o investimento deberá estar executado a 30/09/2023 e xustificado, na súa totalidade, a 31/10/2023. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Campo Lameiro*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.32564.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA AVDA. SARMIENTO RIVERA (EP-4006) ENTRE A AVDA. DE ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA REDONDELA (CONCELLO DE PONTEAREAS)”. (Expte. 2023011815)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 4006 Pontearreas-As Neves, e concretamente do treito urbano (avenida Sarmiento Rivera), que transcorre polo *Concello de Pontearreas*.

Resultando.- Que a E.P. 4006 é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable situada nos concellos de Pontearreas, Salvaterra do Miño e as Neves. O treito urbano situado ao seu inicio, que



configura a Avda Sarmiento Rivera, no *Concello de Ponteareas*, une a glorieta situada xunto a Casa do Concello, onde conflúen as rúas Concha Brei, Av. Galicia e Av. Rosalía de Castro coa glorieta na que conflúen as rúas Redondela e Pombas.

Resultando.- Que actualmente a *Avda Sarmiento Rivera* non posúe beirarrúas que garantan a accesibilidade. Por elo preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción de beirarrúas adecuadas para configurar itinerarios peonís continuos, accesibles e seguros, ao tempo que se resta prioridade ao espazo destinado ao tráfico rodado e se implantan medidas que permitan conseguir o calmado efectivo do mesmo.

Resultando.- Que o obxecto principal do proxecto consiste na mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil accesible no treito urbano ao inicio da estrada provincial.

Resultando.- Que con data 23 de febreiro de 2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponteareas, convenio de colaboración par a execución do “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Avda. de Rosalía de Castro e a Rúa Redondela (Concello de Ponteareas)*” por importe de 630.423,58€

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Ponteareas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	441.296,51 €	70
Concello Ponteareas	189.127,07 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	630.423,58 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Avda. de Rosalía de Castro e a Rúa Redondela (Concello de Ponteareas)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse por Santiago J. Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvopolo o proxecto de execución da obra “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Avda. de Rosalía de Castro e a Rúa Redondela (Concello de Ponteareas)*” cun orzamento base de licitación de 630.423,58 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) MY68PT5X7TYVQ9UH.



Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 630.423,58 €, con número de operación 2022063139 con cargo á aplicación orzamentaria 25/4556.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultado.- Que pola Intervención emitiuse informe de fiscalización do proxecto (CSV) MWCT6QQB9DTGQILY, no que se recolle o seguinte: “...*infórmase favorablemente o expediente...*”

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 10 de xaneiro de 2023 asinado polo enxeñeiro xefe dos servizos técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, onde se fai constar que as obras a executar compren coa normativa urbanística e coa normativa de avaliación ambiental. A totalidade da actuación atópase dentro da zona de dominio público, polo que non é precisa a ocupación de ningún terreo de propiedade privada.

Considerando.- Que non se considera necesario ningunha autorización a maiores derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Avda. de Rosalía de Castro e a Rúa Redondela (Concello de Pontearreas)*”, redactado por Santiago J. Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvopolo, cun orzamento base de licitación de 630.423,58 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) MY68PT5X7TYVQ9UH.



5.32565.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DUN SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA 2023. (Expte. 2023024752)

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión do 29/04/2022 adxudicou o contrato, de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería á empresa *Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA* (CIF: A28141935). O establece un prazo de duración de un ano con efectos desde o 01/07/2022 ata o 30/06/2023, sen posibilidade de prórroga, polo que o día 30/06/2023 producirase o vencemento do mesmo.

Deste xeito, a Deputación de Pontevedra debe dispoñer deste seguro de Responsabilidade Civil que ampare as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil e patrimonial establecida no artigo 106.2 da Constitución, e no capítulo IV da Lei 40/2015 de LRJSP, no exercicio das competencias da Deputación de Pontevedra e a Fundación Escola Universitaria de Enfermería, segundo a normativa vixente, que durante a vixencia deste seguro poda corresponder directa, subsidiaria ou solidariamente ao asegurado por danos corporais ou materiais e prexuízos consecuenciais ocasionados a terceiros, tanto no exercicio da súa actividade, como na explotación, uso ou utilización dos medios materiais e patrimonio que posúa por calquera título xurídico.

Neste senso, aínda que non existe unha obriga legalmente imposta, resulta conveniente a subscripción deste seguro, a través do cal, ademais de cubrir o risco indicado, se plasma a vontade corporativa de garantir a estabilidade na execución orzamentaria primando deste xeito a utilidade pública do aseguramento, ó satisfacer de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia provincial, por resultar vinculada a actividade desta Administración. Por outra banda, cabe engadir o esencial rol na economía que xoga o sector financeiro en particular o sector asegurador do que deriva a súa importancia e establecemento dos mecanismos tendente á súa ordenación e supervisión. Así, de acordo coas previsións contidas na Lei 20/2015 de 14 de xullo de ordenación supervisión e solvencia das entidades aseguradoras só poden operar no sector en concepto de asegurador aquelas entidades autorizadas para realizar actividades de seguro.

Tendo en conta que en data 03/04/2023 o Deputado delegado da area de Réxime Interior, Economía Facenda e ORAL, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita providencia de inicio de novo expediente para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería motivando a necesidade e idoneidade desta contratación na propia actividade da Deputación que require dispoñer deste seguro que ampare as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil no exercicio das súas competencias.

Visto que con data 14/04/2023 o Xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa (CSV: N3EAH91IWN46HHZC) para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación e Escola Universitaria de Enfermería na que informa que o réxime xurídico é un contrato privado de servizo non suxeito a regulación harmonizada sendo o procedemento aplicar o procedemento aberto simplificado por concorrencia das condicións do artigo 159.1 da LCSP.



Resultando que polo servizo de Contratación Facenda e Patrimonio elabórase o prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicítase o preceptivo informe á Secretaría Xeral.

Visto que, con data 5 de abril de 2023, a Intervención emite documento de retención de crédito co número de operación 202300071042 por importe de 125.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/922.9330.224.01 do orzamento provincial.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 13 de abril de 2023.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 14 de abril de 2023.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente do procedemento aberto simplificado para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería cun orzamento base de licitación é de 125.000,00 € (prima total anual), e un valor estimado do contrato de 125.000,00 €.
2. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: MVEIFY8D9I47AZOZ) e de prescricións técnicas (CSV: 3VZ59PH5HEN0HXLM) que rexerán na referida contratación.



3. Autorizar a o gasto polo importe máximo de 125.000,00 euros, que se imputarán no seu caso á aplicación orzamentaria 23/922.9330.224.01 do orzamento provincial do ano 2023.
 4. Nomear responsable do contrato ao Técnico adxunto á Xefatura de Servizo de Contratación Facenda e Patrimonio.
 5. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- 6.32566.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FOROX INNOVACIÓN, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA <CONECTADAS 2022>” (Expte. 2021062235). (Devogarán 2023027282)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 27 de maio de 2022 (CSV: J4E2SJHFT5EB8HMJ), adxudicouse o contrato relativo ao servizo de “Desenvolvemento, xestión e execución do programa <CONECTADAS 2022>” (Expte. 2021062235).

Para responder da realización deste contrato, a empresa *Forox Innovación, SL*. (B-27742014), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 13.387,35 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100104877, de data 18/05/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Igualdade no cal informa que “*Que á empresa cumprin co estipulado no prego de prescricións técnicas para acadar os fins perseguidos con dito programa (...), proceder á devolución da garantía definitiva*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Forox Innovación, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “Desenvolvemento, xestión e execución do programa <Conectadas 2022>” (Expte. 2021062235), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de 13.387,35 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 18/05/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100104877.

7.32567.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte.2023026431)

Vista a relación de facturas con número 2023026431, que contén 22 facturas e por un importe de 34.993,98€ e con CSV: ZKQ7TFHMNWOJ589J, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10/04/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	32.954,13 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	2.039,85 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	34.993,98 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

8.32568.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte.2023027721)

Vista a relación de facturas con número 2023027721, que contén 1 factura e por un importe de 248,05 € e con CSV: YM1T3OQF5EO8876P, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13/04/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	248,05 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	248,05€

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



9.32569.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN PROPIEDAD NO CONCELLO DE BAIONA (Expte. 2022060919)

Dada conta que con data de rexistro 26/09/2022 (rex. núm. WEB2022050925) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por D. Carlos Domingo Fontán Domínguez en representación de Reale Seguros Generales, S.A., por danos en vivenda, sita no nº 2 da rúa Urgal-Belesar, no Concello de Baiona, producidos por mor dunha inundación, a consecuencia, segundo manifesta, da mala praxis das obras de asfaltado da citada rúa, ó taparse unha das arquetas, o que provocou un desbordamento no garaxe da vivenda o día 03/10/2021, e que foi cuantificada economicamente en 5.638,42 €.

Resultando.- Que con data 07/11/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 07/12/2022, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na vivenda sita na marxe esquerda do p.q. 6+250 da E.P. 2204 Sabarís-Belesar.



SEGUNDO.- Segundo a reclamación presentada e o informe pericial que achegan os danos producidos no sótano da vivenda foron causados por inundacións debido ó retorno do caudal de auga de saneamento (fecais e pluviais), causado por ter unha alcantarilla tapada.



TERCEIRO.- Neste servizo hai coñecemento do acontecido, xa que ese días estábanse a realizar as obras de MSV pavimentación da capa de rodadura na estrada EP-2204, Sabarís Belesar, promovidas pola Deputación Provincial. Ademais a empresa que leva a xestión dos servizos municipais de saneamento e abastecemento presentou una instancia con número de expediente 2021050344, que foi contestada por este servizo. Acompáñanse como anexo 1 e anexo 2.

CUARTO.- Non hai coñecemento de que os feitos sucedesen con anterioridade nin se volvesen a repetir.

QUINTO.- Respecto da execución das obras de pavimentación da calzada, éstas estábanse a realizar por una empresa contratada pola Deputación Provincial, dentro do prazo e cumprindo as prescricións establecidas. A maneira habitual de proceder para a realización deste tipo de traballos, no caso de recrecido do firme con pavimento asfáltico, é botar a capa de rodadura da estrada deixando localizadas as tapas de rexistro que existan na calzada e posteriormente proceder á demolición do asfalto e recrecido dos pozos deixando a tapa enrasada coa superficie existente.

Nese punto localizáronse unas tapas da rede municipal de saneamento, que discorre por debaixo da calzada. As “alcantarillas” ás que fai referencia ó reclamante refírense ós pozos de rexistro desta rede. Os rexistros instalados na vía pública nada teñen que ver co funcionamento de dita rede, xa que a súa finalidade é a de poder rexistrar e acceder ás instalacións, e non a de servir de aliviadoiros.

Feita una inspección “in situ” do sistema de drenaxe da zona, constátase que a rede de pluviais da estrada é independente da rede de saneamento. Na marxe dereita a auga recollida nos sumidoiros é derivada fóra da calzada a un regadío existente antes do punto baixo da estrada. Na marxe esquerda a auga recollida nos sumidoiros é conducida á cuneta e posteriormente xunto con toda a que circula pola cuneta é derivada fóra da estrada no seu punto máis baixo onde existe una obra de drenaxe transversal que a leva a un regadío.

Todo indica que o desbordamento se produciu por un atasco augas abaixo na propia rede de saneamento ou por falta de capacidade da mesma rede, non sendo culpa da estrada. A rede de saneamento é de competencia municipal.

Ademais no caso de que a auga saíse polo rexistro da calzada, a Deputación sería tamén un afectado por dita situación, xa que se produciría un perigo na seguridade vial.

Nunha revisión superficial “in situ” detectouse que as instalacións de dita rede non se atopan nun estado óptimo, xa que as tapas dalgúns rexistros das inmediacións existentes na calzada presentan danos como grietas ou buratos, polos que se pode infiltrar a auga superficial.

Lémbrese que segundo o artigo 38.5 da Lei de estradas de Galicia “As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles están obrigadas a conservarlas nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten o adecuado funcionamento do servizo público viario, e deberán executar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables dos danos e perdas causados polo incumprimento desta obriga.”

No anexo 2, escrito remitido dende este organismo á empresa Gestagua que xestiona dita rede, se lle fai un requirimento para que adopte as medidas necesarias para garanti-la seguridade, substituíndo as tapas por unas acerroxadas que non se poidan levantar pola acción da auga no caso de desbordamento e estudando a posibilidade de ampliación da capacidade da súa rede de saneamento. Dito requirimento a día de hoxe non foi atendido pola empresa concesionaria.

O que se informa aos efectos oportunos.



Como Anexo 1, achégase xunto con este informe escrito de GESTAUGUA dirixido ó Servizo de Infraestruturas desta Deputación, co seguinte contido:

SERVICIO MUNICIPAL DE AGUAS
Laureano Salgado Nº 14 Bj.
36300 Baiona
T / F: 900903149
Urgencias: 626 986 937
baiona@gestagua.es



DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Infraestructuras
Pazo Deputación Provincial
Avda. Montero Rios s/n
36070 - PONTEVEDRA

martes, 05 de octubre de 2021

ASUNTO: Registros saneamiento y daños en vivienda en Urgal

Muy Sr. Nuestro:

Este pasado domingo nuestro servicio de guardia fue alertado de una incidencia en una vivienda de urgál, en particular la señalada en el croquis adjunto. Como consecuencia de las copiosas lluvias acaecidas en la madrugada de sábado, se produjo la entrada de agua hacia el bajo de la citada vivienda produciendo diversos daños materiales en la misma.

El personal de guardia pudo comprobar que la red de saneamiento se encontraba saturada en esa zona. La entrada de agua en el bajo de la vivienda se produjo al no existir registros practicables en la vía pública que deberían haber ejercido como punto de evacuación, mucho más en este caso al encontrarse en la cota más baja del trazado. Estos registros fueron tapados con la capa de asfalto que se extendió en la zona a finales del mes de julio y ejecutado por la empresa Construcciones Fechi S.L.

Para proceder a la limpieza del colector en esta zona se tuvo que proceder a la localización de los registros ocultos, quedando uno de estos temporalmente vallado hasta su posterior elevación a la rasante del terreno una vez se defina la responsabilidad de estos trabajos.

En las imágenes adjuntas podemos ver la zona de actuación y el estado actual de la vía.

Sin otro particular aprovechamos la ocasión para saludarle:

ATENTAMENTE

GESTAGUA

▶ **GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, S.A.**
Dirección social: Rosario Pino 14-16 (Planta 6ª Dcha.) - 28020 Madrid
Tél.: 914 252 610 - Fax: 914 252 615 - gestagua@gestagua.es - www.gestagua.es
Inscrita en el Registro Mercantil de Madrid Nº1, Tomo 860, General 834, Sección 3ª, Folio 1, Hoja 68785 - CIF: A-78130755



SERVICIO MUNICIPAL DE AGUAS
Laureano Selgado Nº 14 Bj.
36300 Baiona
T / F: 900903149
Urgencias: 626 986 937
baiona@gstagua.es



GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, S.A.
Dirección social: Rosario Pino 14-16 (Planta 6ª Dcha.) - 28020 Madrid
Tel: 914 252 610 - Fax: 914 252 615 - gestagua@gstagua.es - www.gstagua.es
Incluida en el Registro Mercantil de Madrid (M-1, Tomo 880, Comercial 854, Sección 3ª, Hoja 1, N.º de Inscripción: C-1 A/7113317)



SERVICIO MUNICIPAL DE AGUAS
Laureano Salgado N° 14 Bj.
36300 Baiona
T / F: 900903149
Urgencias: 626 986 937
baiona@gestagua.es



Zona y vivienda afectadas



GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, S.A.
Dirección social: Rosario Pino 14-16 (Planta 6ª Dcha.) - 28020 Madrid
Tél: 914 252 610 - Fax: 914 252 615 - gestagua@gestagua.es - www.gestagua.es
Inscrita en el Registro Mercantil de Madrid N°1, Tomo 860, Censojal 834, Sección 3ª, Folio 1, Hoja 68765 - CIF: A-78130755



Como Anexo 2, achegan a resposta do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais á empresa Gestaugua, co seguinte contido:

Recibido o seu email de data 05 de outubro de 2021, relativo a unha incidencia nunha vivenda en Urgal, na que a consecuencia das intensas choiva do día 02 de outubro de 2021 se produciu unha inundación do baixo con danos materiais, poño no seu coñecemento o seguinte informe emitido polos técnicos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais:

- *“Segundo se indica no escrito aportado por Gestagua “El personal de guardia pudo comprobar que la red de saneamiento se encontraba saturada en esa zona. La entrada de agua en el bajo de la vivienda se produjo al no existir registros practicables en la vía pública que deberían haber ejercido como punto de evacuación, mucho más en este caso, al encontrarse en la cota más baja del trazado. Estos registros fueron tapados con la capa de asfalto que se extendió en la zona a finales del mes de julio y ejecutado por la empresa Construcciones Fechi, S.L.”*
- *Nesa data a Deputación Provincial estaba realizando as obras de renovación da capa de rodadura da estrada provincial, de xeito que as obras estaban dentro do seu prazo de execución e sen rematar, estando entre os traballos pendentes o levantamento das tapas existentes na calzada para deixalas enrasadas coa cota do novo pavimento.*
- *No referente ao asolagamento da vivenda estímase que este foi causado polo mal funcionamento da rede de saneamento, de competencia municipal, podendo ser por baixa capacidade do mesmo ou atasco do colector. Os rexistros instalados na vía pública nada teñen que ver co funcionamento de dita rede, xa que a súa finalidade é a de poder rexistrar e acceder ás instalacións, e non a de servir de aliviadoiros.*
- *Ante esta posible situación (de que ante unhas fortes choivas os pozos de rexistro fagan de aliviadoiros), que implica que coa forza da auga esta poida levantar as tapas quedando os pozos abertos no centro do carril e sendo un grave perigo para os vehículos e usuarios da estrada, faise necesario requirir a instalación neste tramo dunhas tapas de fundición abisagradas e acerraxadas, instaladas de xeito que un vehículo que circule antes de caer polo burato do pozo se atope primeiro coa tapa e poida cerrala ó seu paso ou deterse ante ela.*
- *Deberase estudar a posibilidade de aumentar a capacidade hidráulica ou realizar melloras na rede coa fin de que esta situación non volva ocorrer, xa que no caso de desbordarse as augas sucias polos rexistros existentes, a estrada e as súas cunetas encheríanse de augas negras.*
- *Lémbrase que segundo o artigo 38.5 da Lei de Estradas de Galicia “As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles están obrigadas a conservalos nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten ao adecuado funcionamento do servizo público viario, e deberán realizar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables por danos e perdas causados polo incumprimento desta obriga”.*

*Firmado por M^a Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro*

*Firmado por Daniel Romay Díaz
Director de Infraestruturas e Vías Provinciais*



Considerando.- Que no presente procedemento seguiu-se o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, debido a á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- Segundo o manifestado na instancia e no informe pericial achegado polo reclamante, os danos producidos no sótano da vivenda foron causados por inundacións debido ó retorno do caudal de auga de saneamento (fecais e pluviais).
- O Servizo de Infraestruturas tivo coñecemento do acontecido, xa que eses días estábanse a realizar as obras de pavimentación da capa de rodadura promovidas pola Deputación Provincial.
- A empresa responsable da xestión dos servizos de saneamento e abastecemento presentou unha instancia, de data 06/10/2021, na que se recolle que o persoal de garda puido comprobar que a rede de saneamento se atopaba saturada nesa zona.
- Non hai coñecemento de que os feitos sucedesen con anterioridade nin se volvesen a repetir.
- As obras de pavimentación da calzada estábanse a realizar por una empresa contratada pola Deputación Provincial, dentro do prazo e cumprindo as prescricións establecidas.
- A maneira habitual de proceder neste tipo de traballos é botar a capa de rodadura da estrada deixando localizadas as tapas de rexistro e posteriormente proceder á demolición do asfalto deixando a tapa enrasada coa superficie existente.
- Nese punto localizáronse unhas tapas da rede municipal de saneamento, que discorre por debaixo da calzada, sendo as “alcantarillas” ás que fai referencia o reclamante pozos de rexistro desta rede.
- Os rexistros instalados na vía pública nada teñen que ver co funcionamento da citada rede, xa que a súa finalidade é a de poder rexistrar e acceder ás instalacións, e non a de servir de aliviadoiros.
- Feita una inspección “in situ” do sistema de drenaxe da zona, constátase que a rede de pluviais da estrada é independente da rede de saneamento.
- Todo indica que o desbordamento se produciu por un atasco augas abaixo na propia rede de saneamento ou por falta de capacidade da mesma rede, non sendo culpa da estrada.
- A rede de saneamento é de competencia municipal.



- Realizada unha revisión “in situ” detectouse que as instalacións de dita rede non se atopan nun estado óptimo, xa que as tapas dalgúns rexistros das inmediacións existentes na calzada presentan danos como grietas ou buratos, polos que se pode infiltrar a auga superficial.
- No escrito remitido á empresa Gestagua que xestiona dita rede, fíxoselle un requirimento para que adoptase as medidas necesarias para garantir a seguridade, substituíndo as tapas por unas acerroxadas que non se poidan levantar pola acción da auga no caso de desbordamento e estudar a posibilidade de ampliación da capacidade da súa rede de saneamento, sen que ata a data de adoptarse o presente acordo se tivera recibido resposta a dito requirimento por parte da citada empresa concesionaria.
- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detención material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Lémbrese que, segundo o artigo 38.5 da Lei de estradas de Galicia, *“As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles están obrigadas a conservarlas nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten o adecuado funcionamento do servizo público viario, e deberán executar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables dos danos e perdas causados polo incumprimento desta obriga.”*

Considerando.- Asemade, segundo o artigo 25.2 da Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece o seguinte: *“El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias (...) las siguientes materias: c) Abastecimiento de agua potable a domicilio y evacuación y tratamiento de aguas residuales”...*

Considerando.- Que o artigo 288 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que: *“El concesionario estará sujeto al cumplimiento de las siguientes obligaciones: c) Indemnizar los daños que se causen a terceros como consecuencia de las operaciones que requiera el desarrollo del servicio, excepto cuando el daño sea producido por causas imputables a la Administración”.*

Considerando.- Que, a maiores dos argumentos aducidos, podería encadrarse o acaecido nun suposto de forza maior, así segundo comunicación realizada por Gestagua a esta Deputación o día 05/10/2021, na que manifestan que *“Este pasado domingo, nuestro servicio de guardia fue alertado de una incidencia en una vivienda de Urgal (...) como consecuencia de las copiosas lluvias acaecidas en la madrugada del sábado, se produjo la entrada de agua hacia el bajo de la citada vivienda produciendo diversos daños materiales en la misma. El personal de guardia pudo comprobar que la red de saneamiento se encontraba saturada en esa zona (...), o que fai pensar que, non habéndose producido outras incidencias nin antes nin despois da que nos ocupa no presente suposto, tratóuse dun feito puntual debido ás copiosas chuvias desa noite.*



Considerando.- Que en supostos similares, os Xulgados desestimaron os recursos presentados: Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de O Porriño, de data 13/07/2021, en Autos de Procedemento Ordinario 0000357/2019, e Sentenza 187/2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditos precedentes obran na Asesoría Xurídica da Deputación) nos que, exonerando á Deputación da reclamación económica, veuse dicir, respectivamente, que é preciso acreditar a disfuncionalidade da infraestrutura para poder atribuír os danos á Administración -na primeira delas- e que é necesario acreditar cabalmente os danos e prexuízos e establecer unha relación de causalidade indubitada entre reclamante e reclamado -na segunda-, que, obxectivamente, non se aprecia no presente suposto.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

10.32570.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR LESIÓNS E DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE VIGO (Expte. 2022048302)

Dada conta que con data de rexistro 15/07/2022 (rex. núm. 2022017591) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Juan Manuel Vila Lorenzo, por lesións e danos materiais producidos en accidente de motocicleta a consecuencia da presenza de barro na calzada da estrada provincial E.P. 2001, no Concello de Vigo, o día 11/03/2022, e que cuantificou economicamente en 1.717,97 euros.

Resultando.- Que con data de rexistro 20/07/2022 (rex. núm. 2022017786) recibíuse nesta Deputación, por estes mesmos feitos e causa de pedir, instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D^a. Marta Díaz Amor en representación de Axa Seguros Generales, S.A., cuantificando esta parte o prexuízo económico en 370 €.

Resultando.- Que, xunto coa instancia, achegan os reclamantes as dilixencias policiais elaboradas con motivo do accidente, e nas que se recollen, entre outras, as seguintes observacións:

- *Descrición de la vía: El lugar del accidente se define como una confluencia en forma de "X", compuesta por la Carretera de Bembrive, el Cño. Palamés y la calle Subida á Cruz, sin regulación semafórica y preferencia de paso a la Carretera de Bembrive (...)*
- *El tramo de la vía presenta una recta seguida de una curva a la derecha a continuación del cruce, siendo de plano ligeramente descendente.*



- **MANIFESTACIÓN DEL CONDUCTOR:** *Manifiesta que circulaba por la subida á Cruz, procedente de su domicilio y dirigiéndose hacia la Crta. de Bembrive en dirección hacia la Avda. de Madrid, haciéndolo a una velocidad adecuada. Cuando se aproxima al cruce se detiene sobre la marca vial de Stop más o menos y comprueba que no vengan vehículos circulando por su izquierda. Como no ve ninguno, se introduce en la Crta. de Bembrive, sin darse cuenta de que hay una importante acumulación de barro sobre la calzada y al introducirse en la misma, le empieza a bailar la motocicleta, ante lo cual reacciona abriendo las piernas, perdiendo el equilibrio y cayéndose hacia el lado derecho, quedándole aprisionada la pierna debajo de su vehículo.*
- **OBSERVACIONES:** *Se hace constar por parte de los actuantes que, a la llegada al lugar del accidente, se observa una balsa de agua sobre la calzada que ocupaba parte del carril descendente de la Crta. de Bembrive que se inicia a la altura de la calle Subida á Cruz, afectando también a una pequeña parte de esta última. Al cabo de unos minutos se evacuó el agua, observándose la mancha de barro existente en el momento de la caída de la motocicleta (...) el motorista manifiesta que cuando se cae de la motocicleta no había acumulación de agua pero sí de barro. Se solicita la presencia de una unidad de limpieza en el lugar, que procedió a la retirada del barro existente en la zona.*

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022005435 de data 26/07/2022, decretouse a acumulación de ambas solicitudes dada a identidade substancial ou íntima conexión ó tratarse do mesmo sinistro, reclamando o accidentado os danos materiais e a lesión producidas e a aseguradora da motocicleta o gasto relativo ó traslado en ambulancia do mesmo.

Resultando.- Que con data 07/09/2022 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2 do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que emitiu o mesmo o día 25/10/2022, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O lugar do sinistro correspóndese co p.q. 4+450 da EP-2001 e pertence á Rede de Estradas Provinciais da Deputación de Pontevedra.



SEGUNDO.- Recibiuse aviso no servizo de mantemento, de xeito que a brigada da zona presentouse de inmediato no lugar para limpar a estrada dos restos do accidente así como eliminar o barro da calzada.

TERCEIRO.- Ademais tamén se personou o persoal de vixilancia da estrada, procedendo a comproba-la orixe do barro e as afeccións á estrada.

Como se demostra nas seguintes fotografías, a realización dunhas obras de construción na Rúa Subida á Cruz, afectando á cuneta son a causa de ditos arrastres.

O barro procedente de ditas actuacións foi arrastrado pola cuneta ata chegar á rede de drenaxe da estrada provincial. Co aporte de dito material á rede de drenaxe ésta foise tupindo de barro e restos de materiais arrastrados ata quechegou a colmatarse. Deste xeito a auga xa non entraba a través das arqueta e sumidoiros existentes, por estar enchidos ata arriba de terra. Incluso chegouse a atascar a taxea que nese punto cruza a estrada provincial para desaugar hacia o camiño de Palamés, e se formou unha balsa de auga na superficie da calzada coa conseguinte decantación do material arrastrado formando esa capa da lama na calzada na que se produciu o accidente.

Os arrastres foron orixinados na rúa municipal, fóra da competencia da estrada provincial e da súa zona de afección (a máis de 30 m de distancia dende o borde do dominio público do vial), polo que a Deputación non tiña competencia para controlar nin condicionar ditas obras.

CUARTO.- Os servizos da Deputación funcionaron con normalidade, actuando en tres aspectos:

- 1. De xeito inmediato procedeuse por parte da brigada á limpeza superficial do vial para restitui-la vialidade con seguridade no tramo afectado.*
- 2. O persoal de vixilancia detectou a orixe e outras consecuencias dos arrastres causantes do accidente como a obstrución da taxea de desaugue do tramo afectado por mor dos devanditos arrastres.*
- 3. O servizo de conservación procedeu a desatascar a taxea e a rede de drenaxe da estrada, mediante un camión cisterna equipado con rato, traballos que duraron hata o final da xornada do propio día 11 de marzo.*

QUINTO.- Non hai constancia doutros accidentes polo mesmo motivo no mesmo lugar e nas mesmas datas.

SEXTO.- Apórtase a continuación informe fotográfico realizado por este servizo no día dos feitos reclamados.



ANEXO: INFORME FOTOGRÁFICO

- Orixe do barro:





- *Chegada do barro á rede de pluviais da estrada provincial:*





- **Charco producido polo atasco da rede de drenaxe:**



- **Barro decantado na zona do charco e motivo do accidente:**



- **Arquetas limpas e rede desatascada polos medios de conservación de estradas:**



A Enxeñeira

M.^a Elena Pérez Alonso-----

O Director de Infraestruturas e Vías Provinciais

Daniel Romay Díaz-----



Resultando.- Que con data 01/12/2022 solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas desta Deputación, acerca dos seguintes extremos:

- Se os titulares da construción deberían ter solicitado, pola natureza e o tipo de obra, algún tipo de autorización á Deputación, na hipótese de posibles riscos por arrastre.
- Se foi requirido o Concello ou se iniciou procedemento sancionador ou orde verbal para a contención dos arrastres.
- Se a través do vixiante de estradas se advertiu da perigosidade que suporía o arrastre de terra procedente da obra.

Resultando.- Que con data 07/12/2022 remiten o citado informe complementario co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- A construción que se estaba a realizar (vivenda e muros), localízase na vía municipal e fóra da zona de afección da estrada provincial (a máis de 30 m de distancia da mesma), polo que non é necesaria a autorización da Deputación Provincial.

No referente ós riscos por arrastres, non era previsibles, xa que de executar as obras en tempo e forma (instalar o sistema de pluviais fora da época de choivas antes de facer o movemento de terras), e tendo en conta a distancia a percorrer polos mesmos (os arrastres se orixinaron a unha distancia aproximada de 200 m da estrada provincial), o normal era que non sucedese ningunha incidencia.

SEGUNDO.- O único requirimento que se fixo alí foi de maneira verbal por parte do noso vixiante ó persoal da ELM de Bembrive. Dadas as circunstancias e o perigo existente na estrada procedeuse de maneira inmediata á limpeza e desatascos da rede de pluviais da estrada por parte do servizo de conservación da Deputación Provincial.

TERCEIRO.- A través do vixiante de estradas non se advertiu da perigosidade que suporía o arrastre de terra procedente da obra, debido a que a localización da obra excede o ámbito da zona de competencia provincial, sendo unha obra de edificación en solo urbano lindeira con un vial municipal.

Foi imposible adiviñalo ata o momento en que houbo danos efectivos á calzada.

A Enxeñeira

M^a. Elena Pérez Alonso-----

O Director de Infraestruturas e Vías Provinciais

Daniel Romay Díaz-----

Resultando.- Que na data 18/01/2023, solicitouse novo informe complementario acerca do tempo aproximado que tardou a brigada en chegar ó lugar do sinistro para proceder á limpeza e arranxo tras a chamada ou aviso, contestando na data 08/03/2023 o seguinte:

En referencia ó tempo aproximado que tardou a brigada en chegar ó lugar do sinistro para proceder á limpeza e arranxo tras a chamada ou aviso, cabe explicar o seguinte:

A primeira hora da mañá tívose coñecemento do accidente a través do vixiante de zona. Había un charco moi grande na calzada, que una vez que foi desaparecendo deixou todo o lodo á vista.



Cando a brigada chegou (preto de 1 h despois) na zona estaban os operarios da Entidade Local Menor de Bembrive. Posteriormente, a última hora da mañá, pasou de novo a brigada para deixar todo ben sinalizado, e a primeira hora da tarde chegaron os medios precisos para desatascar a taxa da estrada provincial que se enchera de barro procedente de dito vial e evitar que se producisen de novo outras inundacións na calzada.

Resultando.- Que con data 09/03/2023 comparece nas dependencias da Asesoría Xurídica, D. José Luis Mato García, Vixiante do Servizo de Infraestruturas, o cal comparece para manifestar o seguinte:

“Que la última revisión de la vía antes del accidente se produjo la semana anterior, ya que realizan revisiones una o dos veces a la semana.

Que la arqueta se tupió con barro de la obra que se estaba ejecutando en la carretera municipal, a unos cien metros de allí, fuera de nuestra zona de afección. La arqueta se puede tupir en el momento, debido a las fuertes lluvias que se produjeron ese día y al barro de la obra antes señalada”.

Resultando.- Que con data 20/03/2023, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartado c), da Lei 39/2015, emprazouse á empresa EURODETALLES, S. L. para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito de alegacións na data 31/03/2022 co seguinte contido:

“En relación al Expediente rex. 2022017591 de atasco en tubo de carretera e Bembrive en Vigo, la empresa Eurodetalles S.L. NO SOMOS RESPONSABLES DE DICHO ATASCO, y a tal efecto presenta las siguientes argumentaciones:


1. Los atascos de la tubería y los empozamientos en la zona son recurrentes en días de lluvia. Según testimonio de vecinos de la zona.




En la foto 1, se puede apreciar que el tubo de desagüe no tiene la caída suficiente.

Se puede apreciar que la tubería de desagüe no tiene la sección necesaria para evacuar la cantidad de agua que se acumula en ese punto.





En la Foto 2, se puede apreciar que todo el agua de la calzada y desagües de pluviales de todas las viviendas de la calle Subida a Cruz, van a parar al mismo punto. Se acumula el agua de casi 300m de calle.



En la Foto 3, se puede apreciar el fuerte desnivel de la calle que termina en el mismo punto de la arqueta que no puede desagüar todo el agua acumulada.

Se puede apreciar la cantidad de hojas y ramas que hay en esta zona que los días de fuertes lluvias acaban todas en la arqueta.



2. Los taludes de la carretera habían sido desbrozados días antes del incidente por lo que en la zona quedaron multitud de hojas, ramas y desechos que también fueron a parar a esa arqueta.



En la foto 4, se puede apreciar que el talud estaba recién desbrozado y en la rejilla se ven hojas y restos de ramas.

Se puede apreciar que el agua empozada contiene restos de tierra muy fina y que si el desagüe estuviera en perfectas condiciones no atascaría el tubo”.

Resultando.- Que con data 20/03/2023, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartado c), da Lei 39/2015, emprazouse a D^a. Aitana Alonso Costas para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito de alegacións na data 30/03/2023, co seguinte contido:

“1. La empresa que realizó los trabajos de construcción de la casa fue Eurodetalles, S.L. (CIF B-36.401.131)

2. Con relación a los hechos sucedidos, también querríamos comentar:

- Que la situación de la vivienda está a unos 150 mts de distancia de la arqueta y entre ellas, hay varias fincas de monte.



- *Esa situación de rebose de la arqueta no es la primera vez que sucede. Ya que debido a la acumulación de restos vegetales que se acumulan en la misma, se dificulta el desagüe de las pluviales e inunda la carretera, cuando hay lluvias abundantes.*
- *En Enero-2023, se ha vuelto a repetir ese mismo episodio”.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido, polo seguinte:

- Segundo o informe da Policía Local de Vigo, aportado polo reclamante xunto coa instancia, era noite, estaba chubiscando e a superficie se atopaba mollada, sendo a vía de plano lixeiramente descendente.
- Asemade, recóllese no mesmo que na confluencia das dúas rúas, había un gran charco de auga e barro, acumulado debido ás fortes choivas caídas nesa noite.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas da Deputación, a causa dos arrastres á vía provincial é a realización dunhas obras de construción dunha vivenda na rúa municipal Subida á Cruz.
- O barro procedente da obra foi arrastrado pola cuneta ata chegar á rede de drenaxe da estrada provincial, a cal se foi tupindo de barro e restos de materiais ata colmatarse, de xeito que a auga xa non entraba a través das arquetas e sumidoiros existentes por estaren enchidos de terra, chegándose a atascar, incluso, a taxa que nese punto cruza a estrada provincial e formándose unha balsa de auga na superficie coa conseguinte decantación do material arrastrado formando a capa de lama na calzada.
- Os arrastres foron orixinados na rúa municipal, fóra da competencia da estrada provincial e da súa zona de afección (a máis de 30 m de distancia dende o borde do dominio público do vial), polo que a Deputación non tiña competencia para controlar nin condicionar ditas obras.
- Os servizos da Deputación funcionaron con normalidade, e de xeito inmediato, procedéndose á limpeza superficial do vial para restituír a vialidade con seguridade no tramo afectado.



- O persoal de vixilancia detectou a orixe dos arrastres causantes do accidente e a obstrucción da taxea de desaugue do tramo afectado por mor dos devanditos arrastres.
- O servizo de conservación procedeu a desatascar a taxea e a rede de drenaxe da estrada, mediante un camión cisterna equipado con rato, traballos que duraron hata o final da xornada do propio día 11 de marzo.
- Os citados arrastres non era previsibles, xa que de executarse as obras en tempo e forma (instalar o sistema de pluviais fóra da época de choivas, antes de facer o movemento de terras), e tendo en conta a distancia a percorrer polos mesmos (os arrastres orixináronse a unha distancia aproximada de 200 m da estrada provincial), o normal era que non sucedese ningunha incidencia.
- Dadas as circunstancias e o perigo existente na estrada procedeuse de maneira inmediata á limpeza e desatasco da rede de pluviais da estrada por parte do servizo de conservación da Deputación Provincial.
- A última hora da mañá pasou de novo a brigada para deixar todo ben sinalizado e a primeira hora da tarde chegaron os medios precisos para desatascar a taxea da estrada provincial e evitar que se producisen de novo inundacións na calzada.
- Non se advertiu da perigosidade que suporía o arrastre de terra procedente da obra, debido a que a localización da obra excede o ámbito da zona de competencia provincial, sendo unha obra de edificación en solo urbano lindeira cun vial municipal.
- Segundo a manifestación do vixiante de estradas da Deputación, a última revisión da vía antes do accidente realizouse a semana anterior, xa que se revisa a estrada unha ou dúas veces por semana.
- Asemade, manifesta que a arqueta se tupiu con barro procedente da obra que se estaba a executar na vía provincial, a uns 100 metros, fóra da zona de afección da estrada provincial.
- A arqueta pódese tupir no momento, debido ao barro da obra sinalada.
- Segundo o alegado pola empresa construtora Eurodetalles, S.L., os taludes da estrada foron desbrozados días antes do incidente, polo que na zona quedaron multitude de follas e ramas que tamén foron parar a esa arqueta.
- Do mesmo xeito, a propietaria da vivenda que se estaba a construír, manifesta que cando chove con abundancia prodúcese o rebose da arqueta xa que se acumulan restos vexetais na mesma, o que dificulta o desagüe.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.



Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detentación material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que o accidente tivo lugar de noite, chuviscando e coa calzada mollada, téndose producido esa noite fortes choivas, polo que de terse adecuado a velocidade da motocicleta ás circunstancias esixidas pola vía, o accidente podería non se terse producido, máxime tendo en conta que o accidentado se aproximaba, en plano lixeiramente descendente, a un sinal de Stop (*sinal R-2 Detención obrigatoria. Obrigación para todo condutor de deter o seu vehículo ante a próxima liña de detención ou, se non existe, inmediatamente antes da intersección*), o que fai descansar a responsabilidade, sequera de xeito indiciario, no condutor do vehículo. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo condutor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento. A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A LAS MISMAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”*.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: *“1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:*

- g) (...) Cuando pueda salpicarse o proyectarse (...) agua a los demás usuarios de la vía”.*
- b) Al aproximarse a (...) intersecciones en que no se goce de prioridad.*

Considerando.- Que nas dilixencias policiais se recolle a manifestación do condutor, nunha sorte de *facta confessio*, na que manifesta *“Cuando se aproxima al cruce se detiene sobre la marca vial de Stop MÁS O MENOS”* e que o artigo 56 sinala o seguinte: *En las intersecciones de vías señalizadas con señal de (...) «detención obrigatoria o stop», los conductores (...) han de detener por completo su marcha (...) en todo caso, cuando así lo indique la señal correspondiente”*.

Nas mesmas dilixencias policiais manifesta D. Juan que *“(...) se introduce en la Crta. de Bembrive, SIN DARSE CUENTA de que hay una IMPORTANTE acumulación de BARRO SOBRE LA CALZADA”* e a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:



Artigo 3.1 “...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”

Artigo 18.1: “...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. en supostos idénticos ou similares, fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na limpeza da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa limpeza, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada de conservación e mantemento da vía tardou aproximadamente 60 minutos en chegar ao lugar do accidente para proceder á limpeza da vía, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 20/07, 140/08, 114/09, 123/11, 77/12, 68/13, 185/13, 33/2017 e 120/2017; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04, 2/05, 183/06, 74/09; 329/2010, 45/2012 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04, 74/08, 125/12, 250/13 e 112/14; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que a maior abundamento, das sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que se invocaron, cabe resaltar os seguintes parágrafos:

- Da 312/11 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...La misma nada pudo hacer para evitar el daño producido, una vez acreditado en autos que la Administración demandada no había tenido conocimiento previo de esa situación de peligro y por otro, que los estándares de mantenimiento eran los normales para una vía de esta clase...”
- Da 33/2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...No se produjo en ese lugar ningún otro accidente a consecuencia del estado de la vía (...) Ha quedado acreditado que la Administración demandada en cuanto fue avisada de la existencia del accidente acudió al lugar de los hechos rápidamente...”
- Da 120/2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...La respuesta en relación con la cuestión planteada debe ser negativa ya que no resulta exigible ni a la entidad demandada ni a ninguna otra, un mantenimiento continuo y en breve espacio de tiempo de las carreteras en estado impoluto...”



- Da 74/2009 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Pontevedra:
“...La S.T.S. de 11-2-1987 “la naturaleza del factor causante del accidente (...) y la posibilidad de que se hubiera producido poco antes del siniestro, hace que por muy estricto concepto que se tenga de la función de vigilar (las vías públicas por la Administración titular de las mismas) no quepa imputar a la Administración un incumplimiento o cumplimiento defectuoso de dicho deber, derivado de no eliminar perentoriamente y con urgencia un obstáculo que ha podido aparecer de manera tan repentina como impensable...”
- Da 45/12 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“...Sin embargo no puede hablarse de responsabilidad de la Diputación Provincial por dejación de sus funciones de mantenimiento y conservación, debiendo estimarse una ruptura clara del nexo causal por la intervención de un tercero, y sin que haya motivo para afirmar un mal funcionamiento del servicio ante el desconocimiento del tiempo que llevaba el vertido en la vía, pero siendo indicios en contra de su estancia por tiempo prolongado el hecho de que no hubiese más accidentes, y que en el momento en que se puso en conocimiento de la Diputación Provincial se actuó de forma diligente para solucionar el problema...”
- Da 74/08 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...Pero es que esa conducción prudente no determina necesariamente que las consecuencias de los daños que sufra se tengan que desplazar a terceras personas, en este caso a la entidad titular de la carretera por la súbita aparición de un cuerpo extraño sobre la calzada que ni ha podido evitar ni ha podido señalar de acuerdo con los parámetros de la conducta diligente que le debe ser racionalmente exigible, de modo que, es conforme con la conciencia social la existencia de un riesgo inherente a la utilización de las vías de circulación, lo que impone un estándar de seguridad en los usuarios que en este caso no ha sido rebasado por la entidad llamada a conservar y mantener la vía pública, de modo que si el “arranque del ilícito” no se ha producido por una actuación administrativa obligada y no atendida dentro de un plazo normalmente exigible de acuerdo con las pautas prudenciales a que se ha hecho referencia, ninguna responsabilidad por ello cabe exigir a la entidad demandada, pues como consta en el expediente administrativo, sobre las 10 horas recibieron la llamada de la guardia civil de tráfico, y acudieron al lugar, siendo de significar que el accidente ocurre a primera hora de la mañana de un sábado a las 9 horas...”
- Da 125/12 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...En el informe referido (...) la Ingeniera de la Diputación aseguraba que los operarios provinciales habían comparecido en el lugar a las 8:50 h, con un margen de 20 minutos desde que el Capataz de la Brigada Z. Norte recibiera el aviso una vez producido el siniestro (8:30 h), cosa que permite reconocer una pronta y correcta respuesta de la Administración titular de la vía en su obligación de eliminar la fuente de riesgo aparecida sobre la calzada, de cuya existencia previa no es posible concluir que tuviera o pudiera tener conocimiento a tiempo a la hora de evitar la sucedido...”
- Da 112/14 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“No se ha demostrado una verdadera ineficiencia administrativa en la restauración de las condiciones de seguridad alteradas mediante la eliminación de la fuente de riesgo. Es decir, no se ha demostrado que la Administración hubiera funcionado, aquí, fuera de los llamados parámetros o estándares razonables de actuación porque, en tanto tuvo noticia de la presencia del obstáculo sobre la calzada, inmediatamente adoptó las medidas oportunas para hacerla desaparecer, como fuente de riesgo que era. No ha quedado acreditado una tardanza en subsanar la deficiencia en la calzada pues cuando tuvieron constancia del primer accidente se limpió la vía y se señaló...”



Considerando.- Que diferentes precedentes sentados polos Xulgados do Contencioso-Administrativo, en supostos con similitude de razón, desestimaron os recursos presentados, exonerando a esta Administración de toda responsabilidade, como os que se citan a continuación:

- Sentenza 53/2008 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra:

“No se pone en duda que la conductora no pudo evitar que el vehículo comenzase a zigzaguear como consecuencia del barro que se encontraba en la calzada, no señalizado previamente, y en un lugar curvo sin visibilidad, como tampoco se cuestiona que aquella circulaba con la precaución que le era exigible a tenor de lo dispuesto en los artículos 17.1 y 18 del Reglamento General de Circulación (...) pero es que esa conducción prudente no determina necesariamente que las consecuencias de los daños que sufra se tengan que desplazar a terceras personas, en este caso a la entidad titular de la carretera por la súbita aparición de un cuerpo extraño sobre la calzada que ni ha podido evitar, ni ha podido señalar de acuerdo con los parámetros de la conducta diligente que le debe ser racionalmente exigible, de modo que, es conforme con la conciencia social la existencia de un riesgo inherente a la utilización de las vías de circulación (...)”

- Sentenza 363/2015 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo:

“(...) Teniendo en cuenta que el arcén había sido reparado diez días antes, sin pruebas de que en ese período hubiera habido ninguna queja o denuncia por gravilla en la calzada, no puede considerarse que el peligro que representaba la calzada fuese superior al admisible conforme a un estándar medio de conservación, máxime si se tiene en cuenta la velocidad máxima a 50 km/h y que el carril de circulación debía presentar unas condiciones generales de adherencia suficientes para el tránsito seguro con vehículos de dos ruedas en todo su ancho (...) La causa principal del accidente no es atribuible al funcionamiento del servicio público de mantenimiento viario, puesto que no existía en absoluto ningún obstáculo o factor de peligro para la circulación o de existir era de tan escasa magnitud que correspondía a la diligencia del conductor prevenirlo y evitarlo, ya que conforme al artículo 45 del Reglamento General de Circulación todo conductor está obligado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones, las características y el estado de la vía, condiciones meteorológicas y ambientales y de circulación, y en general cuantas circunstancias concurran en cada momento a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas.”

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, 128/2006 e 133/2010 e a Sentenza 12/2005 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra.

Considerando.- Que a orixe do barro atópase nunha vía de titularidade municipal polo que non é de competencia da Deputación e o feito casual de que o acontecido fose nunha vía provincial non converte á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra nunha aseguradora universal de tódolos riscos.

Considerando.- Que no informe do Servizo de Infraestruturas de data 25/10/2022, recóllese, e así se amosa nas fotografías, que a empresa construtora Eurodetalles estaba a realizar a obra de construción dunha vivenda e muros na rúa Subida á Cruz, polo que ó abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle á mesma a hipotética responsabilidade por mala praxis no eido da xurisdición civil.



Considerando.- Que non se produciron mais accidentes pola mesma causa, o que incide nunha condución temeraria ou pouco atenta por parte do reclamante, xa que todo parece indicar que non detivo o seu vehículo ante o sinal de Stop ou que, de facelo, realizou a manobra de arranque con gran aceleración, o que produciu que a motocicleta patinase na súa incorporación á vía provincial.

Considerando.- Que o día 20/03/2023 emprázase á mercantil EURODETALLES, S. L., a D^a. Aitana Costas Alonso e a D. Rubén Barros Alonso coma interesados, para que nun prazo de cinco días, comparezan e podan facer as alegacións que teñan por convenientes, segundo o establecido no artigo 4.1, letra c), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

11.32571.- DESESTIMACIÓN DE MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Nº16.31917) RELATIVO Á CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE BAIONA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022 (Expte.2022033509)

Por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación provincial (acordo núm. 16.31917), de data 1 de xullo de 2022, concedéuselle ao Concello de Baiona, con CIF: P3600300B, unha subvención, por importe de 2.018,87 euros, para o desenvolvemento do proxecto “*Supresión de simboloxía franquista no cemiterio de Baiona*”, ao abeiro da liña A da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento provincial.

Con data 10 de abril de 2023 e núm. de rexistro WEB2023024462, o Concello de Baiona presenta, no Rexistro Xeral desta Deputación, escrito a través do cal solicita a modificación do proxecto inicialmente aprobado para adecualo aos requirimentos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.



Visto o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, de data 11 de abril de 2023, no que se informa desfavorablemente a modificación solicitada polo Concello de Baiona por presentarse esta fóra do prazo establecido nas bases reguladoras da citada convocatoria.

Visto o informe desfavorable da Intervención provincial, de data 12 de abril de 2023, ao respecto da concesión da modificación solicitada polo Concello, co seguinte teor literal:

“...1. *A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 25 de marzo de 2022 (acordo núm. 4.31493), concedeu ó Concello de Baiona con CIF: P3600300B, para a Supresión da simboloxía franquista no cemiterio de Baiona, con cargo á liña A da mencionada convocatoria, unha subvención de 2.018,87 €, sobre un orzamento de 2.395,80 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/332.3322.762.00.2022.*

2. *Posteriormente, con data 10 de abril de 2023 (núm. Rexistro WEB2023024462), o Alcalde do concello presenta, no Rexistro Xeral desta Deputación, escrito solicitando as seguintes modificacións sobre o proxecto inicialmente aprobado, realizándose esta modificación a tenor da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (exp. SPR-2022-0637-AUI), de data 13 de outubro de 2022, segundo a cal:*

“... *Estudada a documentación presentada, enténdese que a actuación solicitada, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, é COMPATIBLE coa protección do patrimonio e a conservación dos valores do Camiño, co cumprimento das seguintes condicións:*

- *Con respecto ás placas que non conteñen simboloxía franquista:*

- *Estas placas, segundo a documentación presentada, son do ano 1852.*
- *Enténdese que non é autorizable o pulido das citadas placas. É autorizable unha limpeza manual das mesmas, respectando ás pátinas existentes, así como o acabado das pezas.*
- *As inscricións existentes poderán repintarse por encima, de xeito que se garantan unhas inscricións de idénticas características ás actuais.*

- *Con respecto á placa que contén simboloxía franquista:*

- *Esta placa, segundo a documentación presentada, é do ano 1950.*
- *Enténdese que non é autorizable a destrución da placa existente mediante o picado e/ou devastado da mesma. Se o Concello quere, pode optar pola retirada da placa (se é factible), para a súa conservación nos arquivos municipais, o cal entendo que sería unha opción autorizable: ou ben, poñer un encaixamento de pouco espesor que oculte a placa, e sobre este encaixamento, se se quere, colocar unha nova placa (neste caso, o encaixamento e a nova placa, se se puxer, terían que contar coa autorización da DXPC)...”*

Comprobado o expediente por Intervención obsérvase que dita solicitude incumpre o recollido nas bases reguladoras destas axudas:

- *Base décimo cuarta. Modificación da resolución. “...Esta solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven, no prazo máximo de catro (4) meses antes de que finalice o prazo de execución establecido na base décimo quinta, e será obxecto de resolución polo órgano competente....”*

- *Base décimo quinta. Xustificación. “...Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención finalizará o 30 de xuño de 2023...”*



CONCLUSIÓN

Por todo o exposto informase desfavorablemente a concesión da modificación solicitada”.

Visto que o artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que a aceptación de informes e ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Segundo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar, por presentación fóra de prazo, a modificación solicitada polo *Concello de Baiona* relativa ao proxecto “*Supresión de simboloxía franquista no cemiterio de Baiona*”, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, nos termos expostos no informe da Intervención provincial transcrito anteriormente, que se acepta na súa integridade servíndolle de motivación ao presente acordo.

12.32572.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN RECREATIVA CICLISMO OIENSE, DO CONCELLO DE OIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “X MARCHA CICLOTURISTA DE OIA ” (L2) APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte. 2022026344)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor *Asociación Recreativa Ciclismo Oicense*, con NIF: G94077054, do *Concello de Oia*, por un importe de 313,67 €, para o “*X Marcha Cicloturista de Oia*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023015682 con data 10/03/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

13.32573.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB NÚMERO PHI, DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “OLÍMPICOS POR UN DÍA” (L2) APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte.2022026763)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Club Número PHI*, con NIF: G94185964, do *Concello de Caldas de Reis*, por un importe de 498,72 €, para o “*Olímpicos por un día*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023016142 con data 13/03/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



14.32574.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB ESCUELAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS SALCEDA, DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “TORNEO DE FÚTBOL SALA VILA DE SALCEDA 2022” (L2) APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte. 2022026375)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Club Esc. Municipais Salceda*, con NIF: G36352854, do *Concello de Salceda de Caselas*, por un importe de 497,16 €, para o “*Torneo de Fútbol Sala Vila de Salceda 2022*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023018973 con data 20/03/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

15.32575.- APROBACIÓN DO INCREMENTO DO CRÉDITO INICIALMENTE DISPONIBLE E AUTORIZACIÓN DO GASTO DESTINADO Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA CONFORME ÁS BASES PUBLICADAS NO BOPPO NÚMERO 96, DE 20/05/2022 E 19/12/2022. (Expte.2022023348)

Antecedentes.

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión de 13 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria de subvencións para a “*Redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclistas nos concellos da Rede Ágora*” (Expte. 2022023348); este acordo foi publicado no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022. O prazo de presentación das solicitudes foi de 30 días hábiles.

A Xunta de Goberno en sesións de 21 de outubro e 2 de decembro de 2022, aprobou a concesión de subvencións por importe de 1.059.786,99 €, a 28 concellos para a “*Redacción de 76 proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclistas nos concellos da Rede Ágora*” (Expte. 2022023348).

Asemade, ao non esgotarse o crédito previsto inicialmente, a Xunta de Goberno en sesión de 2 de decembro de 2022, acordou abrir un novo prazo de 30 días hábiles para a presentación de solicitudes polos concellos, con independencia de que tiveran presentado ou non solicitude na primeira convocatoria e poñéndose a disposición de cada un deles de novo outros 50.000 € como máximo (BOPPO número, de 19 de decembro de 2022). Finansiase co crédito dispoñible por importe de 900.213,01 € con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10.



Durante o segundo prazo (20 de decembro de 2022/31 de xaneiro de 2023) presentaron solicitudes 37 concellos para 95 proxectos por un importe de 1.439.679,62 € superándose o importe autorizado, e como consecuencia, quedarían fóra solicitudes, de 18 concellos que cumpren cos requisitos establecidos nas bases para seren beneficiarios das axudas.

O procedemento de concesión é de concorrencia non competitiva, segundo orde de entrada das solicitudes no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra.

Consideracións.

1ª Previsión nas bases reguladoras.

O terceiro e cuarto parágrafo da base reguladora 3ª establecen:

“A liña de subvención relativa á redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da rede Ágora Deputación de estará dotada de 1.960.000 €, dos cales 960.000 € serán con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10/21 e 1.000.000 € con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10.

En caso de que o crédito disposto non alcance para subvencionar tódalas solicitudes presentadas que cumpran os requisitos, a Deputación resérvase o dereito de incrementar a dotación orzamentaria, non sendo necesario realizar unha nova convocatoria”

2ª Normativa básica estatal e normativa autonómica.

A disposición final primeira da Lei 38/2003, xeral de subvencións (LXS) establece:

“1. Esta ley se dicta al amparo de lo dispuesto en el artículo 149.1.13.ª, 14.ª y 18.ª de la Constitución, constituyendo legislación básica del Estado, los siguientes preceptos:

En el título preliminar, el capítulo I y el capítulo II excepto, el párrafo d) del apartado 4 del artículo 9, el artículo 10, el apartado 2 y los párrafos d), e), f), g), h), i), j), k) y l) del apartado 3 del artículo 16, los apartados 1, 2, y los párrafos c), f), h), i), j), k), l), m) y n) del apartado 3 del artículo 17 y el artículo 21.

En el título I, el capítulo I y el capítulo IV, excepto los artículos 32 y 33.

En el título II, los artículos 36, 37 y el apartado 1 del artículo 40.

En el título III, los artículos 45 y 46.

En el título IV, el capítulo I y los artículos 59, 65, 67, 68 y 69 del capítulo II.

El apartado 1 de la disposición adicional segunda y la disposición adicional decimosexta.

2. Las restantes disposiciones de esta ley resultarán únicamente de aplicación en el ámbito de la Administración General del Estado, de las entidades que integran la Administración local y de los organismos y demás entidades de derecho público con personalidad jurídica propia vinculadas o dependientes de las mismas.

No obstante, cuando las comunidades autónomas hubieran asumido competencias en materia de régimen local, la ley se aplicará a las entidades que integran la Administración local en el ámbito territorial de las referidas comunidades autónomas, de acuerdo con lo establecido en el apartado 1 de esta disposición.”



A Disposición final segunda establece que “*las normas que en desarrollo de esta ley apruebe la Administración General del Estado tendrán carácter básico cuando constituyan el complemento necesario respecto a las normas que tengan atribuida tal naturaleza conforme a la disposición final primera*”.

O artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu apartado segundo que: “*Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine na convocatoria sen que se realice unha nova convocatoria, salvo que se produza un incremento dos créditos derivado de:*

- a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito*
- b) A existencia de remanentes de outras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo”.*

Polo que respecta ao disposto no artigo 58 do Regulamento da LXS, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, - aprobación do gasto por unha contía máxima e distribución entre créditos orzamentarios- non ten o carácter de normativa básica por encadrarse no capítulo II do Título I do Regulamento xeral da Lei xeral de subvencións e está referido aos procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

En calquera caso, aprobada a liquidación do orzamento de 2022, por R.P de 14 de febreiro de 2023, incorporouse á aplicación 23/456.9420.762.10/22 do orzamento en vigor remanente de crédito por importe de 1.000.000 € e o 2 de marzo de 2023 formalizouse documento RC por importe de 600.000 € para afrontar a disposición do gasto necesario para a concesión de todas as solicitudes presentadas e que reúnen os requisitos esixidos nas bases.

O órgano competente para á ampliación do crédito dispoñible é o mesmo que aprobou as bases, a Xunta de Goberno.

En consideración ao que antecede, logo do informe da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno a acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar o incremento do crédito inicialmente dispoñible e autorizar o gasto por importe de 600.000 €, con cargo á aplicación 23/456.9420.762.10/22, destinado á concesión de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora conforme ás bases publicadas no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022 e 19 de decembro de 2022.

Segundo. Esta modificación non afecta ao prazo de presentación de solicitudes.

Terceiro. Publicar o acordo adoptado no BOPPO.



16.32576.- RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DE OBRAS NO ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2906 OS VALOS-GUIZÁN, DENDE O P.Q. 2+180 ATA O P.Q. 2+920 (REDONDELA) (Expte. 2020037029)

Por acordo de Xunta de Goberno de data 5 de febreiro de 2021, acordouse adxudicar a obra “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 2906 Os Valos-Guizán, dende o P.Q. 2+180 ata o P.Q. 2+920 (Redondela)*” á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela S.L.*, polo importe 323.563,03 € IVE incluído.

Ó contrato foi executado entre o 24/03/2021, sinatura da acta de comprobación de replanteo, e o 30/11/2021, sinatura da acta de recepción.

Con data 14/06/2022 a empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela S.L.* presenta por rexistro (WEB2022035452) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Con data 17/04/2023, a Intervención devolve o expediente debido a que:

A solicitude da empresa contratista non acredita os requisitos que se poñen de manifesto no artigo 9 do Real Decreto Lei 3/2022 polo que “a revisión excepcional de prezos se aprobará, no seu caso, polo órgano de contratación previa solicitude do contratista, que deberá presentala durante a vixencia do contrato e, en todo caso, antes da aprobación, polo órgano de contratación da certificación final de obras”.

Neste suposto a empresa contratista presenta a solicitude de revisión excepcional de prezos o 14 de xuño de 2022. Mentres cas obras segundo, a certificación final remataran o 24 de outubro de 2021 asinándose a acta de recepción o 30 de novembro de 2021. Aprobándose a certificación final mediante Resolución Presidencial de data 7 de marzo de 2022.

Considerando que no artigo 9 do do Real Decreto Lei 3/2022 se recolle o procedemento para a revisión excepcional de prezos, delimitando o prazo na que a empresa contratista presentará a súa solicitude “*durante a vixencia do contrato e, en todo caso, antes da aprobación, polo órgano de contratación da certificación final de obras*”, e tendo en conta a documentación que obra no expediente queda acreditado que a empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela S.L.* non cumpriu dito requisito na súa solicitude.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade non reconecer a revisión de prezos excepcional do contrato de obras no “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 2906 Os Valos-Guizáñ, dende o P.Q. 2+180 ata o P.Q. 2+920 (Redondela)*”, adxudicado á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela S.L.* (B36239861) por non cumprir o requisitos previstos no artigo 9 do Real Decreto – lei 3/2022.

17.32577.- RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DE OBRAS DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4201 SETADOS-RIBARTEME-VIDE, P.Q. 0+000 AO P.Q. 3+930 (AS NEVES)”.
(Expte. 2020008247)

Por acordo de Xunta de Goberno de data 18 de setembro de 2020, acordouse adxudicar a obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 4201 Setados-Ribarteme-Vide, P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+930 (As Neves)*” á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela S.L.* polo importe 291.382,75€, IVE incluído.

Con data 14/06/2022 a empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela S.L.* presenta por rexistro (WEB2022035453) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Con data 17/04/2023, a Intervención devolve o expediente debido a que:

“A solicitude da empresa contratista non acredita os requisitos que se poñen de manifesto no artigo 9 do Real Decreto Ley 3/2022 polo que “a revisión excepcional de prezos se aprobará, no seu caso, polo órgano de contratación previa solicitude do contratista, que deberá presentala durante a vixencia do contrato e, en todo caso, antes da aprobación, polo órgano de contratación da certificación final de obras”.



Neste suposto a empresa contratista presenta a solicitude de revisión excepcional de prezos o 14 de xuño de 2022. Mentres cas obras segundo, a certificación final remataran o 22 de novembro de 2021 asinándose a acta de recepción o 1 de febreiro de 2022. Aprobándose a certificación final mediante Resolución Presidencial de data 24 de maio de 2022.”

Considerando que no artigo 9 do do Real Decreto Ley 3/2022 se recolle o procedemento para a revisión excepcional de prezos, delimitando o prazo na que a empresa contratista presentará a súa solicitude “*durante a vixencia do contrato e, en todo caso, antes da aprobación, polo órgano de contratación da certificación final de obra*”, e tendo en conta a documentación que obra no expediente, queda acreditado que a empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela S.L.* non cumpriu dito requisito na súa solicitude.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade non recoñecer a revisión de prezos excepcional do contrato de obras na “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 4201 Setados-Ribarteme-Vide, P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+930 (As Neves)*”, adxudicado á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela S.L.* (B36239861) por non cumprir o requisitos previstos no artigo 9 do Real Decreto – lei 3/2022.

18.32578.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROYECTO ACTUACIONES CONGOSTRA II, ZV A FACHA Y PISTA MORANO-A BREA (I) FD”-ANUALIDADE 2023- (Expte. 2023006720)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



- En data 01/02/2023 por rexistro WEB2023005402, emendado en datas posteriores, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Campo Lameiro* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 192.801,70 euros, con destino ao financiamento do investimento “PROXECTO ACTUACIONES CONGOSTRA II, ZV A FACHA Y PISTA MORANO- A BREA (1)_FD”, cun orzamento que importa 192.801,70 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2023	192.801,70	192.801,70	0,00	0,00
TOTAL	192.801,70	192.801,70	0,00	0,00

- O concello solicita expresamente que, parte do importe total que lle correspondeu no reparto asignado a Liña 2 que importa 36.443,44euros, sexan destinados para financiar actuacións encadradas na Liña 1- Investimentos, consonte ao establecido nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 que permiten aos concellos empregar as cantidades que non utilicen das liñas 2 e 3 para facer investimentos (liña 1).
- Consta no expediente certificado relativo á titularidade dos bens sobre o que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial, aclarando que non precisa a autorización da Consellería do Medio Rural.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, ademais da comunicación previa ao Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia (Augas), precisa da autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, aportando ao efecto as súas solicitudes, por non dispor das mesmas no momento de presentar a solicitude da subvención.
- O concello non aporta a certificado do acordo de aprobación do proxecto presentado por non contar coas autorizacións indicadas, debendo o concello realizar a súa aportación xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, conforme ao establecido na base 12ª do Plan Concellos 2022-2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 23/03/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 17/04/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Campo Lameiro*, CIF: P3600700C a cantidade de 192.801,70 euros con destino ao financiamento do investimento “PROXECTO ACTUACIONES CONGOSTRA II, ZV A FACHA Y PISTA MORANO- A BREA (1)_FD” (Expte. 2023006720) cun orzamento que importa 192.801,70 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2023	192.801,70	192.801,70	0,00	0,00
TOTAL	192.801,70	192.801,70	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, así coma a aportación da resolución ou o acordo de aprobación do proxecto presentado, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Campo Lameiro*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

19.32579.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPARACIÓNS DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS EN CAVADOSA, LOURIDO E CERDEDO” (Expte. 2023022259)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



- En data 31/01/2023 por rexistro WEB2023004684, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *concello de Cerdedo - Cotobade* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 35397,34 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Reparacións de infraestruturas municipais en Cavadosa e Cerdedo*”, cun orzamento polo mesmo importe.
- En data 31/01/2023 por rexistro WEB2023004647, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *concello de Cerdedo - Cotobade* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 42.796,21 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Reparacións de camiños municipais en Lourido*”, cun orzamento polo mesmo importe
- En data 22/03/2023 o *Concello* e dando resposta aos requirimentos formalmente efectuados por este servizo aos investimentos referidos nos parágrafos anteriores, por seren investimentos de natureza similar, procede ao refundido dos mesmos nun único proxecto.
- Visto o que antecede por rexistro WEB2023019877, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *concello de Cerdedo - Cotobade* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 78.193,56 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Reparacións de infraestruturas municipais en Cavadosa e Cerdedo*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
TOTAL	78.193,56	78.193,56	0,00	0,00

O orzamento contempla 73.246,67 euros do orzamento de execución de obra e 4.946,89 euros de honorarios técnicos (2.658,85 € de redacción de proxecto e 2.288,04 € de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.

- O *Concello* coa presente solicitude comunica que as autorizacións sectoriais seguen sendo as mesmas que obran nas anteriores solicitudes, o mesmo que o que respecta á titularidade das infraestruturas municipais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, así como, a aprobación do proxecto, debendo o Concello realizar a súa aportación (autorizacións sectoriais e aprobación do proxecto), xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, conforme ao establecido na base 12ª do Plan Concellos 2022-2023.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de lege ferenda, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 23/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 24/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cerdedo - Cotobade* CIF P3600048G a cantidade de 78.193,56 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Reparacións de infraestruturas municipais en Cavadosa, Lourido e Cerdedo*”, (Expte. 2023022259) cun orzamento polo mesmo importe. O importe da concesión contempla 4.946,89 euros de honorarios técnicos (redacción proxecto (2.658,85 €), dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (2.288,04 €), IVE engadido).
- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, sendo imprescindible que o Concello as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *Concello de Cerdedo - Cotobade* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
